

A TRADICIÓN DO MAGOSTO E DO SAMAÍN




O ano céltico iniciábase o 1º de SAMONIS: “reunión” (similar ao noso 1º de novembro) e iniciaba o “ciclo escuro” do ano.

O samaín é unha festa de orixe celta que os nosos antergos celebraban no medio do monte: **"reunían cantidades enormes de xente nun claro do bosque, comían e bebían"**. A asistencia era obrigatoria e se non acudías, corrías o risco de "perder o uso da razón". Nesa festividade conmemorábase o final do outono e o comezo do inverno, "a morte da natureza, do mundo".

Este **memorial dos mortos** estaba moi enraizado á recolleita dos froitos, e concretamente, das castañas.

O Samaín que se festexa en moitas escolas pouco ten que ver coa realidade da tradición, sobre todo se se mestura coas caveiras e as cabazas do 'Halloween'.



O noso magosto é unha festa colectiva, que se facía no monte (ou nas casas, se ía moito frío). Despois de brincar e festexar arredor da fogueira, ásanse os “bullós” cando as cinzas son axeitadas para iso. Mentres tanto, un dos “divertimentos” é tiznarse uns aos outros coas mans luxas do borrallo. Non se trata de “maquillarse”, senón de conseguir manchar de negro tizón a cara dos outros participantes (o “xogo” consiste en manchar aos outros e intentar permaneceres ti limpo). Hoxe en día, a memoria

deste divertimento non se conserva en todas partes. E tampouco adoita facerse no monte, pois a xente nin lume sabe facer e non podemos correr o risco de que se provoque un incendio forestal.



Esta tradición está ligada ao día de defuntos, xa que cada castaña comida representa unha alma liberada do purgatorio. Agora dicimos que o día do magosto é o 11 de novembro (Día de San Martiño), pero é doado comprender que, dende que as castañas comezan a “pingar” dos castiñeiros, calquera día se pode facer un magosto.



Hai outro froito do outono que relacionamos con esta festa por influencia do “Halloween”: as cabazas. De certo, nesta época podemos velas aínda nas leiras. Son protagonistas doutro divertimento de moita xente “bromista” antes da chegada da luz eléctrica, cando a escuridade é protagonista de boa parte da xornada. Adiviñas en que consiste? Baldéiranse as cabazas, fánelles uns furados que imiten os ollos e a boca dunha persoa e ilumínanse por dentro cun foco ou unha vela. Despois só hai que ir na procura dalgún inocente vidandante ao que se lle fixera de noite fóra de casa e meterlle un bo susto. O normal é que a vítima da broma/apegota fose un coñecido, que agardaría o momento de devolverlles a falcatruada a/aos amigos.



Nesta época é habitual facer colares de zonchos, e, antaño, tallar cabazas e nabos, dándolles formas humanas ou artísticas. É un entretemento normal, pois a rapazada da época non contaba con moito máis material para dar renda solta á creatividade.



Que facemos hoxe en día cando celebramos o “Halloween” con cabazas e castañas? Pois mesturar todas as tradición. Mesmo o de pedir caramelos e lambonadas de casa en casa procede do costume ancestral da rapazada de ir pedindo “aguinaldos”/“agasallos”, consistentes en comida (as larpeiradas vanse actualizando segundo as épocas: castañas, ovos, chourizos, doces, caramelos...).

Esas comitivas “petitorias” facíanse cantando os Reis, no Entroido, no Samaín, cando se facía un ben á comunidade (como cazar un raposo que asaltaba os galiñeiros), etc.

Cando os irlandeses e escoceses emigraron aos Estados Unidos no século XVIII e XIX, esta sociedade do outro lado do océano deu en chamarlle a estes rituais 'Halloween', e mentres, en Europa o nome de Samaín foi esvaecendo no tempo. O rito do Magosto mantívose e, máis adiante, chegou ás nosas terras un "**Samaín pasado polos costumes americanos**": "Os cazadores de novidades europeos importaron de EEUU unha cousa que os EEUU levaran de Europa" (Manuel Mandianes).

